

## Feiras



### Sober homenaxea o viño de Amandi

A Feira do Viño de Sober cumpriu 34 anos de vida como unha das edicións máis concurridas dos últimos anos. O bo tempo, a ampla programación do certame e a presenza de Carlos Núñez converteron a convocatoria en multitudinaria. Da apertura da feira sempre se encarga un adegueiro da zona, e neste caso foi a quennda adegas O Canceliño. A súa propietaria cortou, como marca a tradición, unha rama de vide. A partir dese acto simbólico, en Sober vivíronse dúas xornadas nas que a degustación dos caldos das vinte adegas que asistiron ao certame se combinou coa música. Actuaron a banda de Sober, varias

charangas, Os Festicultores e a orquestra Los Satélites. Ademais, Carlos Núñez, deu un pequeno concerto na igrexa de Cadeiras, unha parroquia do municipio, durante a primeira xornada de actos. O segundo día leu o pregón e, para rematar, interpretou unha alborada e a Muiñeira de Chantada coa banda soberina. Carlos Núñez tivo así unha lembranza para seu avó, un músico emigrado ao Brasil, un xenio do bombardino que sempre tivera a ilusión de tocar coa banda de Sober. Tamén na segunda xornada se coñeceron os nomes dos tres viños elixidos como mellores da feira na cata oficial: Don Bernardino, As Muras e Cruceiro. Na entrega de premios participaron as numerosas autoridades políticas que tampouco se perderon a feira. Fotos de **Toño Parga**.

